



Galicia e Bretaña, moito para compartir

A través do programa Erasmus+, desde hai xa unha década os estudantes de Producción Agropecuaria do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboia teñen a oportunidade de realizar unha estancia de tres semanas en diferentes rexións de Francia. Neste estudo resumo as palabras de Olivier Carvin, responsable do Servizo de Economía e Emprego da Chambre d'Agriculture de Bretaña, quen nos explicou a situación, evolución e tendencias da produción de leite na rexión, e ofrezco unha comparativa de ambos os territorios leiteiros, os cales comparten moitas similitudes.

Luis García Fernández

Dirección Institucional Federación EFA de Galicia

As dúas son rexións periféricas dentro de Europa, ambas presentan o sinal da cultura celta e tanto a unha coma a outra están no grupo de cabeza da produción láctea da Unión Europea. Con todo, cada unha delas achega as súas singularidades que hai que analizar no contexto adecuado para acertar no diagnóstico e nas conclusións. É importante coñecer a historia recente para unha lectura certa.

Hai 80 anos, ao final da Segunda Guerra Mundial, o panorama do rural francés en xeral e do bretón en particular, era desolador. Houbo unha toma de conciencia e unha implicación da Administración e da poboación para determinar as políticas de desenvolvemento; estas reciben un

empurrón coa instauración da PAC en 1962, cuxas medidas teñen un efecto multiplicador nas rendas agrarias, na autoestima dos agricultores e no desenvolvemento rural.

Os anos 70 foron de **desenvolvemento agrario**; os 80 e 90, de **desenvolvemento rural**, e as décadas actuais do presente século, de **desenvolvemento territorial**, polo que as actividades agrarias deben estar integradas nas políticas de desenvolvemento económico dos diferentes territorios, integrando a sostibilidade económica social e ambiental. Os titulares das granxas téñeno asumido, aínda que se queixan da excesiva burocratización e dalgunhas esixencias establecidas no Pacto Verde europeo e outras estratexias ditadas desde Bruxelas.

ERASMUS +, UNHA OPORTUNIDADE PARA EXPANDIR A MENTE

Desde hai xa unha década, os estudantes de Producción Agropecuaria do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboia teñen a oportunidade de realizar unha estancia de tres semanas en diferentes rexións de Francia (Normandía, Borgoña, Bretaña...), seguindo unha tradición iniciada décadas atrás.

Bretaña, polas similitudes con Galicia, ten especial interese e os participantes, á parte de traballar na granxa e de convivir na familia, realizan un estudo do medio: análise da contorna, presentación da empresa, os medios de produción, a coherencia do sistema de produción e o posicionamento da empresa cara ao

► OS TITULARES DAS GRANXAS [...] QUÉIXANSE DA EXCESIVA BUROCRATIZACIÓN E DALGUNHAS ESIXENCIAS ESTABLECIDAS NO PACTO VERDE EUROPEO E OUTRAS ESTRATEXIAS DITADAS DESDE BRUXELAS



De esq. a dta., José Luis Antunha, Luis García, Olivier Carvin e Calude Richard na CA de Bretagne

futuro, todo iso a través do diálogo cos responsables do *stage*, en coordinación co profesorado de Fonteboa e da Maison Familiale Rural de Janzé.

O marco de Erasmus+ é tamén unha oportunidade para os docentes e profesionais interesados en coñecer experiencias de innovación, de adaptación ás novas esixencias etc., á vez que realizan o seguimento das estancias dos alumnos nas respectivas explotacións.

Paralelamente, organízanse actividades coma encontros de carácter profesional para afondar nas diferentes liñas de desenvolvemento do potencial agrario da rexión: o sector lácteo, os investimentos nas granxas, a integración das instalacións nas políticas de desenvolvemento territorial, os investimentos en enerxía (metanización, enerxía solar...), a diversificación das producións etc.

Olivier Carvin, responsable do Servizo de Economía e Emprego da Chambre d'Agriculture de Bretaña, explicou a situación, evolución e tendencias da produción de leite na rexión.

A PRODUCCIÓN DE LEITE, DOMINANTE EN BRETAÑA

É a actividade dominante, pois o leite de vacún de leite achega o 21 % da produción final agraria, seguida moi de preto do porcino, co 18 %, aínda que esta é máis variable en función dos mercados.

Así pois, o lácteo e o porcino son dous alicerces importantes no agrario bretón. O resto das porcentaxes repárteno as producións avícolas, a carne de vacún, os cereais e a produción hortícola.

A produción láctea, a diferenza de Galicia (que a concentra nunha vinte-

na de municipios), é significativa en todo o territorio, aínda que con cargas gandeiras ostensiblemente máis baixas que as galegas, pois nos modelos de explotación hai unha tendencia clara á desintensificación nas 8.000 ganderías, cun censo total de 700.000 vacas.

En canto a razas, a prim'holstein é a hexemónica (80 %), mentres que o 20 % restante o reparten entre as razas normanda, montbeliarde e outras de procedencia rexional e cruzamentos.

RADIOGRAFÍA DAS GANDERÍAS: ESTÁNDAR, ROBOTIZADA E ECOLÓXICA

Ao tratarse dun modelo de gandería consolidado, non resulta difícil establecer unha radiografía básica da gandería-tipo:

- SAU: 93 ha. O 73 % destínase á produción de forraxes e o 27 % restante, aos cultivos para venda
- Número de vacas: 82 vacas produtoras
- Produción/vaca/ano: 7.700 litros
- Venda de leite/ano: 630.000 litros
- Man de obra: 1,9 UTA

Desde hai tempo, a robotización tamén é tendencia en Bretaña e así hai ganderías que apostan claramente por este sistema, mentres que outras presentan argumentos razoados polos que optan por outros modelos. As decisións tómanse en función de criterios como a renda dispoñible por UTA e a estrutura de gastos fixos que vai xerar o investimento.

A explotación leiteira tipo con robot arroxa os seguintes indicadores:

- SAU: 113 ha (o 65 % destínase a cultivos forraxeiros e o 35 % restante, a cultivos para venda)
- Número de vacas: 100 produtoras de leite

- Produción/vaca/ano: 8.700 litros
- Venda de leite/ano: 866.000 litros
- Man de obra: 2 UTA

O modelo ecolóxico é seguido por unhas 800 ganderías (o 10 %), que, dentro do conxunto francés, supoñen o 25 % das ganderías do país baixo esta certificación.

A explotación leiteira ecolóxica tipo presenta estes indicadores:

- SAU: 96 ha (o 90 % é superficie forraxeira principal e o 10 % destínase a cultivos para venda)
- Número de vacas: 75 produtoras de leite
- Produción/vaca/ano: 5.000 litros
- Venda de leite/ano: 377.000 litros
- Man de obra: 2 UTA

En canto ás motivacións pola opción ecolóxica, pesan, evidentemente, as económicas, pero non son determinantes, pois hai outros factores que reforzan a opción, como son a posibilidade de establecer un sistema de produción máis vinculado á tradición, ao manexo do chan evitando laboreos excesivos, a unha determinada rotación de cultivos e outras prácticas e ao convencemento de estar nun sistema máis sostible ca os outros. Estas premisas tamén as están a poñer en marcha as explotacións convencionais e hoxe o diferencial de prezos entre o convencional e o ecolóxico non está tan remarcado no produto final.

COMO EVOLUCIONOU A PRODUCCIÓN

A produción de leite en Bretaña, aínda que consolidada, non é allea ás circunstancias exteriores. Un fto importante é o ano 2015, pois, ante a previsible desaparición das cotas, neses anos houbo un crecemento ►►

► EN FRANCIA EN XERAL E EN BRETAÑA EN PARTICULAR, A TRANSFORMACIÓN DA MATERIA PRIMA EN DERIVADOS LÁCTEOS FORMA PARTE DA CULTURA DO PAÍS



do número de vacas de leite que se retardou nos anos seguintes e que a tendencia á baixa se consolida a partir de 2019.

O 40 % dos titulares das granxas de leite teñen máis de 55 anos, co que preocupa a remuda, pois coas incorporacións apenas se substitúe o 30 % dos abandonos. Evidentemente, desde a Administración e desde as organizacións agrarias hai preocupación e empeño por facilitar as incorporacións.

A media de idade de incorporación son os 28 anos, despois de acreditar unha formación profesional suficiente (o mínimo a equivalente a un ciclo formativo de grao superior), un plan de empresa e un exame para a concesión de axudas. O 67 % das incorporacións son en GAEC (similar a SAT), nunha explotación dunha superficie media de 120 ha.

Por último, cabe resaltar un par de datos significativos: o 35 % das incorporacións son de mozos alleos ao sector, sen vínculos familiares, e un 21 % son mulleres. Trátase de persoas que ven unha opción profesional na actividade e para a que seguiron un plan de formación e na maioría dos casos, unha experiencia previa como asalariado.

APOSTA POLA TRANSFORMACIÓN

En Francia en xeral e en Bretaña en particular, a transformación da materia

prima en derivados lácteos forma parte da cultura do país.

Industrias como Lactalis e as cooperativas Sodial, Laïta e Eurial elaboran produtos de gran consumo e produtos industriais, que, en boa parte, destinan á exportación, pois os queixos explotados supoñen o 35 % do valor; o leite en po, o 24 %, e a manteiga, o 10 %.

E o que é significativo é que, do mesmo xeito que as granxas están repartidas de maneira equilibrada por toda Bretaña, as industrias lácteas tamén presentan unha repartición similar, aínda que hai máis presenza nos departamentos de Île et Vilaine e Finistère, nas zonas de Rennes e Brest, respectivamente.

Outro dato representativo é que cada unha das industrias sitúase en varios elos da cadea láctea: produción, recollida, transformación e distribución, en función do seu estatuto xurídico (cooperativa ou empresa privada), co que se reforzan os diferentes elos da cadea de valor.

O sector lácteo bretón xera 38.000 empregos: 21.000 na produción, 13.500 na industria e 3.500 nos servizos ligados tanto á produción como á transformación.

Unha granxa supón 3,4 empregos: 1,8 empregos na produción e 1,6 en servizos derivados da produción e da industrialización do leite.

FORTALEZAS, FEBLEZAS, AMEAZAS E OPORTUNIDADES

As condicións agroclimáticas, a dispoñibilidade dunha boa base territorial coa autonomía alimentaria que iso supón e a boa conexión entre produtores e industria constitúen os puntos fortes do sector.

Por contra, a débil rendibilidade agraria, a tendencia á alza dos custos de alimentación, as dificultades para a remuda xeracional e a ausencia de produtos de calidade diferenciada son algunhas das feblezas.

Como ameazas cítanse as esixencias ambientais cada vez máis restritivas, as opcións dos consumidores cara a outros produtos alimenticios e a competencia polos usos do chan (perda de chan agrario en beneficio doutros usos como o residencial).

Con todo, os especialistas do lácteo bretón identifican oportunidades como a forte demanda de produtos lácteos de gran consumo e o abandono da produción en rexións limítrofes. Hai un posicionamento optimista de cara ao futuro, traballando nun marco de interdependencia produtores e industria anticipándose ás demandas dos consumidores en prol da sostibilidade das granxas e das industrias. ■